

RAÑÓLAS

ADENDA

A

RAÑÓLAS 9

NON
ESTAMOS
PARA GASTAR
4.000 € EN
ESTUDANTES
QUE LOGO
DEIXAN A
CARREIRA A

MEDIAS
No estamos para gastar
4.000 € en estudantes
que logo deixan la
carrera a medias

L PATO

Por que ninguén pode apagar a vosa ilusión, porque nada xustifica que non teñades o protagonismo que gañastes a pulso, porque merecedes estar aquí, porque non vos podo fallar aínda que o fagan outros, porque todos queremos disfrutar dos vosos relatos; por estas e por outras moitas razóns engado esta adenda.

Rañolas e eu pechamos un ciclo mais nunca pecharemos as portas dos soños que se escriben coa forza das palabras que aniñan no máis profundo da nosa alma.

Por vós e por todos os que ao longo destes nove anos fixestes posible a maxia.

Gracias.

CERTAME LITERARIO OTERO PEDRAYO 2013

RELATOS GAÑADORES

| Xénero | Nivel | Título | Autor |
|--------|-------|-----------------------------|---------------------------|
| Relato | III | 25 de abril de 1974: Toledo | Antía Quintana Gallego |
| | | Os tres porquiños | Artai Fernández Rodríguez |
| | II | Amores e vinganzas | Yelco García Armada |
| Poesía | III | Correde lobos | Adrián Fernández Garrido |
| | I | Fixeime Esquecinme | Emma Novoa Alonso |

Relatos Nivel III

25 de abril de 1974: Toledo

Estabamos preto de 240 homes reunidos naquel patio, colocados en 12 filas perfectamente aliñadas, como soldados que eramos. Eu, que era dos máis baixos, estaba de primeiro nunha delas. Observaba aos meus superiores con preocupación, non era normal que nos congregasen con tanta urxencia a esas horas da noite. Un capitán, ao que eu descoñecía, comezou a falar:

- Meus señores, como todos sabem, há diversas modalidades de Estado. Os estados sociais, os corporativos e o estado a que chegámos. Ora, nesta noite solene, vamos acabar com o estado a que chegámos! De maneira que, quem quiser vir comigo, vamos para Lisboa e acabamos com isto. Quem for voluntário, sai e forma. Quem não quiser sair, fica aqui!

O discurso foi breve, pero a súa mensaxe era clara e contundente. Quedei abraiado da serenidade e firmeza que desprendía ese home e souben, dende ese momento, que faría grandes cousas. Todos os que alí estabamos unímonos a el. Informáronnos da situación e organizámonos para a partida.

"Grândola, vila morena, terra da fraternidade. O povo é quem mais ordena, dentro de ti, ó cidade". Soaban os primeiros versos da canción prohibida de José Afonso na radio Renascença. Este era o sinal definitivo. Era o momento de rematar coa ditadura que nos levaba afogando dende había 48 anos. Eran as 00:25 do 25 de abril de 1974, e estabamos preparados.

Pasaban das tres da madrugada cando saímos con certo retraso da Escola Prática de Cavaleria de Santarém. Unha ringleira non moi grande de carros de combate e camións con soldados percorría a estrada. Eramos uns vinte e cinco vehículos, entre carros blindados, camións de transporte, dúas ambulancias, un jeep e un carro civil descapotable que facía de explorador-guía. A verdade é que eran vehículos bastante obsoletos, moi usados, pois os mellores e máis novos estaban na guerra das colonias. Así e todo, fomos quen de ir a moita velocidade e recuperar o tempo perdido, percorrendo noventa quilómetros en dúas horas.

A min enviáronme a conducir o tanque no que ía o capitán. Presentóuseme coma Salgueiro Maia. O que máis me chamou a atención foi a súa determinación, os seus ollos, escuros e profundos. O capitán informaba e era informado constantemente polo walkie-talkie. Eu oía pero non entendía nada: nomeaba cidades do mundo e asentía. Mónaco, Tokío, Nova York, Toledo, Bruxelas, Viena. A nosa misión seica era ir a Toledo. O capitán decatouse da miña perplexidade e, cun gran sorriso, dixo: Son os nomes en clave dos obxectivos estratéxicos. Nós imos a Toledo, ou sexa, imos a Lisboa e tomaremos o Terreiro do Paço e os seus ministerios.

Enrubecín pola miña ignorancia de que existían códigos cifrados. Eu era un mozo novo, un pardal, un soldado recentemente incorporado ao servizo militar. Non tiña experiencia ningunha, nunca entrara en combate nin fora ás colonias. E daquela só tiña estudos primarios. Viña dunha pequena aldea de Trás-os-Montes, no norte do país. Ignorábao case todo, pero sentía un gran orgullo de estar ao carón do meu capitán. Máis que ser quen de argumentalo con datos racionais, eu sabía, intuía perfectamente, que era hora



de que, por fin, Portugal recobrase a súa liberdade.

Durante o traxecto cara a Lisboa, o meu capitán foime contando a súa experiencia na guerra colonial. Alí comprobou o horror ao que estaban sometidos os indíxenas africanos, masacrados sen razón algunha, só pola orde dun goberno mediocre e autoritario que tiña grandezas imperiais. A súa estada nese inferno fíxolle tomar conciencia da necesidade de acabar co réxime que oprimía a Portugal. Reunións clandestinas dunha organización chamada Movemento das Forzas Armadas, composto maiormente por oficiais de grao medio, capitáns sobre todo, foran as que conseguiran organizar este golpe de estado que tiña que triunfar, que debía triunfar polo ben do país e dos portugueses.

Nas poucas horas que levabamos de día, xa se ocuparan varias emisoras de radio, o aeroporto e outros lugares estratéxicos. De aí os nomes en clave. Todo estaba moi ben organizado. O cambio era posible. Chegamos a Lisboa xa ben entrada a madrugada. Mirei o reloxo e vin que eran ás 6:00 cando chegamos ó Terreiro do Paço, o centro e motor da cidade, o corazón do réxime. Os nosos tanques e carros blindados rodearon os ministerios. Ía facéndose día, era o albor dun novo día.

A pouco de chegarmos, entrou na praza un pelotón do Regimento de Cavalaría 7 coa intención de defender o goberno. Os soldados puxéronos todos moi nerviosos e montamos os fusís, temendo un enfrontamento. Mais o noso capitán de inmediato parlamentou co alférez que o comandaba. Ás súas palabras foron tan convincentes, tan verdadeiras, que o alférez e o seu pelotón se adheriron á revolución. Respiramos aliviados e o alivio tornouse xúbilo cando todos os soldados confraternizamos. Eramos fillos do mesmo pobo. O mesmo pasou con outros pelotóns e que deron as costas a un goberno corrupto e inútil. Maia e outros capitáns entraron armados ao Ministerio do Exército. Tardaron en saír. Cando volveron, facíano cun xesto de gravidade. O ministro e outros altos cargos fuxiran. Esperariamos na praza agardando novas ordes.

A valentía, a coraxe, a absoluta determinación do noso capitán púxose de manifesto unha vez máis no momento máis perigoso de todos, cando chegou á praza un novo destacamento militar, máis numeroso e mellor armado, coa intención de sufocar a rebelión e apresar ao capitán. Desta vez tiñan carros de combate e tiradores expertos. Salgueiro Maia, cos brazos en alto, desarmado, axitando un pano branco, achegouse para parlamentar. O brigadeiro que mandaba o pelotón, fóra de seu, irado, negouse a falar e púxose a insultalo. Entolecido, deu orde de que abrisen fogo sobre un home desarmado que pretendía dialogar, transgredindo todos os códigos de conduta militar. Maia estaba indefenso, ao descuberto, debaixo da mira das torres dos blindados e dos fusís dos tiradores. Foi o seu valor, a súa falta de medo, o seu honor por riba da propia vida, e a conciencia da infamia das pretensións do brigadeiro, o que fixo que ninguén acatase a orde. Primeiro foi un tirador quen se negou, logo todo o pelotón. Daquela, o brigadeiro amosou a súa total indignidade: disparando ao aire, berrando coma un tolo, fuxiu coma un covarde. Toda a columna militar púxose ás ordes do capitán, do noso capitán, do valeroso Salgueiro Maia.

Pouco antes do mediodía recibimos información no posto de comando de que o presidente, Marcelo Caetano, atopábase no cuartel do Largo do Carmo. Dirixímonos cara alí. Durante o traxecto, a xente ía saíndo á rúa. Animaban aos soldados e a alegría popular era cada vez máis grande. Non sei ben como, saídos das mans da vendedoras ambulantes, apareceron os caraveis vermellos entre nós. Alguén, seguramente unha muller, tivo a ocorrencia de colocar un no cano do fusil dun soldado. Aos poucos, todos os fusís tiñan o seu. Foi a estampa máis fermosa que os portugueses ofrecemos ao mundo: os seus militares facendo unha revolución pacífica, popular, a Revolução dos Cravos. Significaba a fin dunha etapa gris, cincenta, opresiva, e o comezo dunha nova época na que o pobo recuperaría o seu colorido, a súa liberdade.

Aínda hoxe, tantos anos despois, os ollos póñense húmidos ao recordar todo aquilo. Teño agora nas miñas mans o libro, dedicado coa súa letra, no que Salgueiro Maia relata todo o sucedido. Nel di: "O ambiente que lá se viveu não tem descrição, pois foi de tal maneira belo que depois dele nada de mais digno pode acontecer na vida de uma pessoa". Dou fe de que así foi. Eu estaba alí. Eu estaba ao carón do meu capitán.

O ditador Marcelo Caetano rendeuse a Salgueiro Maia, e este garantiulle que sería tratado con dignidade. Chegou un xeneral con monóculo, todo grave e altivo, que todos identificamos como o xeneral Spínola. Fíxose cargo da situación, desprazando ao noso capitán. A xente berraba "asasinos" cando Caetano e outros altos cargos saíron do cuartel, protexidos polos soldados e conducidos a un vehículo blindado. Foi Maia quen os levou ao avión que os levaría ao exilio, a Brasil.

Fixemos unha revolución pacífica, recobramos a liberdade. A preocupación dos capitáns, e principalmente de Salgueiro Maia, era que non houbera mortos. Case se consegue. Morreron catro persoas, pero non foi por culpa nosa. Foi a odiada PIDE, a policía política da ditadura, a que disparou coma feras desde o seu cuartel, na rúa António Maria Cardoso, contra a multitude que os imprecaba.

Hoxe, cando escribo estas liñas, é o 5 de abril de 1992. Os xornais traen a noticia de que Salgueiro Maia, o meu capitán, o noso capitán, morreu onte despois dunha longa enfermidade. Atinxiu o posto de tenente-coronel, mais recusou sempre todo cargo de poder, non quixo facer valer nunca a súa posición para enriquecerse ou medrar. Foi un home íntegro, un heroe. Hoxe collo o exemplar do seu libro *Capitão de Abril* e vexo a súa dedicatoria a man: "Para o meu fiel soldado e amigo, este livro que conta a sua história, a nossa história". Hoxe penso nos seus ollos, escuros e profundos. É un día triste para todos.

Antía Quintana Gallego



Os tres porquiños

Eran unha vez tres porquiños que vivían canda súa nai malia que o pequeno xa cumprira os vinte e seis anos. Pasaban o día xogando á plei e pasando de tó. Os pais, fartos deles, convenceron ós policía locais de que seus fillos eran okupas e botáronos do concello.

O maior, que fixera un curso de emprendedores, creou unha inmobiliaria. O mediano meteuse a hippi, fixo unha casoupa de madeira no monte e gañaba os cartos dando clases de ioga (sen impostos). E o pequeno, que quedara coa plei e era moi vagonetas, montou unha chabola nunha leira dos avós.

Pouco tempo despois, un lobo, que era concellal de Urbanismo por CC (Coalición Canina), enteírouse da existencia da chabola do porquiño, construída en terreo rústico. Entón deu orde de derrubala. O porco pequeno fuxiu cara ao irmán mediano, pero como a caseta de madeira tampouco tiña permiso do Concello (ao igual que as clases de ioga), tiveron que refuxiarse onda o irmán maior que vivía nunha casa de estilo suízo na costa, un pouco apartada dos demais edificios que construíra.

Mais o lobo, insaciable, comprobou que a vivenda dos porcos non cumpría coa Lei de Costas e comezou a investigar pola súa conta a empresa do marrao maior para metelo no "bandullo". Nisto o PP (Partido Porcino) gañou as eleccións. O porco maior usou os seus contactos para que fixeeran un amaño no PXOM. Os cochifios pequenos quedaron vivindo a conta do irmán e o lobo foi denunciado por escoitas ilegais e por quedar coa casa de madeira, así que pillou un avión para Belice.

E colorín colorado, este conto fica rematado.

Ou non?

Artai Fernández Rodríguez

Relato Nivel II

AMORES E VINGANZAS

Marco é un rapaz de dez anos. Camiña da man da súa nai, Lucila, unha muller bela que aínda non sabe que pronto se converterá na criada dos señores que habitan nese maxestoso pazo que se alza ante as dilatadas pupilas de ámbolos dous. Recorren con xesto atónito os grandes e fermosos xardíns de Vila Medici, un patrimonio arquitectónico de gran valor e beleza inigualable que se atopa no berce da civilización romana da época. Acaban de chegar a Roma e buscan tranquilidade e sosego, lonxe dos recordos que a morte non puido levar con aquel corpo sen vida. Lucila, ataviada de roupa negra, como quixo sempre o mellor para o seu fillo, quere que se converta nun home de proveito fóra daquel entorno no que viviu e acababa de morrer o seu pai. Na aldea non sería posíbel e menos sen o diñeiro que o pai traía do xornal de cada día, que obtiña labrando as terras.

Agora trasladáronse a unha vella e humilde casiña na periferia de Roma. Compártena cos seus propietarios, un matrimonio de anciáns, naturais de alí. Galla, a anciá, encárgase de buscarlle emprego a Lucila. Mañá empezará a traballar naquel gran pazo: Vila Medici. O marido de Galla, Escipión, falou co sacerdote para pedirlle que o neno entre na escola. O rapaz empezará a próxima semana, nun curso medio posto que o básico xa llo ensinou a súa nai. Escipión traballa de carpinteiro. Marco quere aprender o oficio e el díxolle que no tempo de lecer, cando non estea na escola, ensinarallo con gusto.

Amence e as dúas mulleres diríxense ao pazo. Entran pola cocíña e cámbianse, Lucila estrea uniforme, van á estancia onde as esperan os señores. Preséntanse, eles son Claudia e Quinto, pero non son os Médicis. Os Médicis eran dous irmáns do Renacemento italiano que foron asasinados en circunstancias descoñecidas, un misterio.

Chega a hora da cea. Entran pola porta do comedor e únense á mesa Fabio, o fillo dos señores, e a súa prometida, Helena. Lucila nunca vira tanta comida xunta na súa vida. Séntese incómoda, Fabio non para de mirala de esguello pero non o fai con maldade, nin por debaixo do ombreiro, faino timidamente e con tenrura. Baixa unha gota de suor da súa cabeza e ten as axilas encharcadas por completo debido ao seu nerviosismo, síntese estúpida, pero Fabio tamén está ruborizado. Helena nota a éxtase que se produce entre eles e que cada vez vai a máis, Lucila tamén participa, síntese fortemente atraída por ese home, deben ter a mesma idade. A timidez toma paso a un lado e os latexos aceléranse a millóns de milésimas de segundo entre cadanseus corazóns. Cae unha copa de viño tinto en mil anacos ao chan e salpica o vestido branco de Helena, ela mesma tirou a copa para frear en seco a éxtase entre eles que se transforma rapidamente en suor xeadado e agora descúlpase alegando que ultimamente sofre mareos, que cre estar en estado, pero é mentira. A noticia cae coma unha xerra de auga fría. Os pais de Fabio dinlles que deben adiantar o seu compromiso antes de que se note o embarazo e sexa demasiado tarde xa que a Igrexa impediríalles celebralo por ter consumado antes do matrimonio. Fabio di haber respectado en todo momento o corpo dela e haber sabido esperar o tempo necesario, pero esta alega que unha noite el estaba ebrio e abusou dela. Casualmente, Fabio recorda unha noite na que acabou ebrio, nun convite ao que asistiu por desexo explícito do



seu amigo de toda a vida, Pompeio. Helena para darlle fogosidade ao asunto, derrama unhas poucas falsas bágoas que conmoven a Claudia e a Quinto, e que fan que todo se lle veña enriba ao pobre Fabio. Lucila segue aí, erguida na porta do comedor como fan as serventas por mandato dos seus amos para saciar as necesidades que lles xurdan, está confusa.

Galla enfermou. Lucila está a cargo do pazo xa que a outra criada saíu ao mercado. Fabio entra na cociña e Lucila, co susto, cáelle unha bandexa cuns tortellinis que acaba de preparar. O ruído atrae a Helena que se dirixía á biblioteca e non dubida en arrimarse á porta da cociña, sen asomarse, para expiar a conversación que manteñen Fabio e Lucila. Fabio chora e Lucila confórtao acariciándolle o rostro. Helena irrompe nese momento máxico como se lle parecece ver a Fabio ao pasar por alí. Pregúntalle a el que facía na cociña falando cunha servente calquera, fala en ton despectivo e míraa de arriba a abaixo para mostrar aínda máis o seu profundo desprezo. El dille que controle os seus modais e ela pon a súa cara de orgullosa ante a serventa que se apresura en canto saen da estancia en volver aos seus quefaceres posto que está ela soa e non conta con ningunha axuda máis.

Falan no dormitorio e el cóntalle unha escusa barata, dille que estaba chorando porque a loción de cabelo lle entrara nos ollos e a serventa soubo remediar o molesto proído que lle producía e impedía a correcta visión.

Helena está disposta a acabar coa vida de Lucila se esta supón un obstáculo na súa relación e compromiso con Fabio. Opta por falar con Quinto para que a despida pero este négase xa que a muller gañou o posto de serventa con creces e demostrou ter unha boa man para as cousas do pazo e que non encontra motivo algún de por que facelo. Helena cóntalle que notou certa complicidade entre a criada e o seu prometido. Quinto rise, dille que non son máis que delirios, que debería descansar porque tal vez o embarazo lle estea producindo alucinacións. Desesperada e doída, Helena acode a Claudia, ela é a única esperanza que lle queda. Dille que elas dúas enténdense porque son mulleres e que saben perfectamente que os homes céganse coas mulleres belas e se non se frea isto, ela e o seu bebé serán humillados por culpa dese amorío absurdo e inadmisíbel. Claudia dille que falará con Quinto e que fará todo canto estea na súa man pero que non lle promete nada.

Esa noite falou con Quinto pero el xa lle deixara as cousas ben claras a Helena cando falaron e que non cambiará de opinión, que está máis que decidido.

Claudia fala con Helena e cóntalle o que falou con Quinto pero Helena sácase un último as da manga e dille que Quinto non quere despedila porque son amantes, que ela mesma os viu bicándose. Rógalle que non lle diga nada a Quinto de que ela llo contou porque se non Quinto non pararía ata buscarlle a perdición e esta asente case en estado de shock.

Claudia parece que toleou, os berros óense dende os xardíns e fontes do pazo. Quinto rógalle que se calme, non entende a que ven este alboroto, pero ela non atende a razóns. El dille que está tola, que nunca lle foi infiel, que prometeu ante Deus, o día no que casaron, serlle fiel ata que a morte os separe e así o fixo. Ela aínda así dubida e para ter a última sentenza, sóltalle que non vai conseguir enredala coas súas palabras "sentimentais". Helena límase as unllas moi sorrinte nos seus apouentos, tendida sobre a cama, mentres escoita a conversación.

Claudia rompe unhas teclas do piano que tanto ama o seu fillo e cando Lucila vai limpar o polbo atópase co estrago. Por medo a que lle voten as culpas, cala, pero Claudia delátala. Fabio está moi desgustado e el xunto con seu pai falan coa criada que lles conta por que ocultou o estrago das teclas. Quinto, como bo home que é, aínda sabendo que a desconfianza e a furia se apoderarían da súa muller, dálle unha oportunidade e di que por sorte as teclas do piano de Fabio teñen arranxo.

Ela corre a falar con Fabio e coa súa mirada chea de bágoas asegúralle que as súas palabras son do máis sinceras e rógalle que a crea, el asinte en silencio, bícaa.

De vez en cando Fabio e Lucila véñense ás agachadas. Helena e Claudia, fartas xa, pactan o asasinato de Lucila, que será un desafortunado incidente.

Fabio non pode máis e concreta unha cita con Lucila, á que acudirá co seu fillo Marco, para fuxir a un lugar onde poder vivir libres e proclamar o seu amor aos catro ventos sen a presión da familia del que lles impide ser felices. El agarda no carruaxe pero ela nunca apareceu.

TRANSCORRERON VINTE ANOS.

Aínda Fabio recorda cada día o que lle ocorreu á súa amada, o seu ben máis prezado que a morte lle arrebatou sen piedade. Non sabe xa o que o destino lle deparará a el sen aquela muller que lle servía amor e paixón en bandexa. Non se lle quita da cabeza a idea de que a súa muller Helena, xa que se casaron sen amor por parte de Fabio pero por desexo dela e os pais deste, estea detrás daquela morte, a morte dunha serventa destinada a amar a un home honrado e prometido, un frechazo que xurdiu nun comedor e traspasou a barreira da morte e sucou o infinito. Pero o que non sabe é que a súa nai, por culpa das mentiras de Helena, participou nese macabro asasinato.

Hai vinte anos que Lucila foi a unha pequena caseta do xardín, un lugar escuro cunha pequena xanela pola que apenas penetraba a luz durante o día, facíase de noite e foi deixar uns utensilios cando alguén a encerrou alí pasando o ferrollo á porta dende fora. Quixo acender unha vella lámpada de aceite que había ao lado da porta pero non funcionaba, acercouse correndo á xanela e berrou canto puido, incluso máis aínda cando sentiu á serpe cascabel desprazarse con ese son tan arrepianete e cravarlle os cairos. Foi cando ela rompeu o cristal da xanela coas súas mans xa ensanguentadas cheas de cortes e soltou un berro espavorecido que retumbou en toda Roma.

Cando descubriron o achado, a serpe xa se dera un bo banquete.

Sabina apareceu fai vinte anos no mapa por primeira vez. Helena pagou a un médico para que lle axudase co tema do embarazo. Púñase coxíns e cada quince días aumentaba un pouco o seu recheo, así ata que naceu Sabina, unha criatura que foi roubada a uns pais no hospital e que lles fixeron crer que o seu bebé morrera ao nacer. Foi unha gran montaxe que aínda non descubriu ninguén.

Marco converteuse nun home de proveito, é licenciado en filosofía e, ademais, o taller de carpintería que pertencía a Escipión reabriuno como unha gran e moderna fábrica de madeira. Os anciáns, Galla e Escipión, coidárono coma un fillo e todos os seus aforros sempre foron destinados ás súas necesidades, pero eles faleceron. Quinto tamén faleceu. Son acontecementos capaces de suceder ao largo dos vinte anos que transcorreron, por moi breves ou longos que parezan. Agora Marco busca vinganza, é polo único que colleu forzas para seguir adiante, a vinganza da morte da máis que serventa de Vila Medici.



Marco entra no pazo co propósito de facer negocio con Fabio nunhas madeiras de calidade suprema acabadas de chegar da maravillosa illa de Sicilia. Ao ver Fabio nos papeis del que é licenciado en filosofía, pídelles que lle imparta clases á súa filla Sabina, a cal mostra un interese profundo pola materia. El acepta, mañá comezará Sabina as súas clases co licenciado na biblioteca do pazo.

Así transcorren os días entre Aristóteles, Pitágoras, Platón,... Marco, co paso do tempo, faise amigo e confidente de Fabio, que lle conta como morreu aquela serventa e os feitos que transcorrían por aquel entón ata o punto de desvelarlle a súa historia de amor e quen cre estar detrás do asasinato. El para levar a cabo o seu plan, seduce fortemente a Sabina e ela cae rendida aos seus encantos, pero o que Marco non sabe é que el vai acabar namorándose perdidamente dela sen darse apenas conta.

Vila Medici vai ser escenario de mortes, o sangue derramarase como aquela copa de viño que tirou Helena hai vinte anos.

Helena entra no seu dormitorio e Marco encárgase de que os habitantes da casa e criadas non poidan ir a socorrerla. Botou dous invisibles e insípidos velenos distintos nas copas de viño de Claudia e Fabio, que se atopaban reunidos no gran salón, un para durmir a Fabio durante un anaco e outro para matar dun infarto ao corazón á súa nai. Sabina foi pasear polos xardíns e cristalinas fontes de auga pura que hai en Vila Medici. As criadas atópanse no exterior acompañando a Sabina e limpando o chan que serve de labirinto entre os propios xardíns. Helena entra no seu dormitorio e métese na cama para durmir unha sesta; cando está profundamente durmida, Marco mételle nas sabas á serpe cascabel e atranca ben a porta para que non a poida abrir. Cando as criadas oen os berros dende o exterior xa é demasiado tarde, sufriu unha morte case idéntica e espantosa á de Lucila.

Fabio, entre as pequenas losqueadas e leves abaneos das criadas, que fan esforzo en espertalo ata que o conseguen, non da crédito a que facían durmidos el e a súa nai, opta por crer que decidiron durmir a sesta pola súa propia vontade xa que Marco levou as copas e o viño deixándolles unhas mantas enriba como sinal de elo para que non sospeiten de si alguén os envelenou, pero a sorpresa está por chegar e é que a que non espertou foi Claudia que morreu e fai que as sospeitas incrementen, que a sesta sexa motivo de dúbida e que as hipóteses se disparen, lanzando todo tipo de valoracións subxectivas.

Sabina está desfeita. Fabio non entende quen puido haberlle feito iso á súa muller, e é que o pasado sempre volve. Helena tras aquel falso embarazo, cando necesitou de asistencia médica, sempre solicitaba os servizos daquel "profesional" que cedeu á súa chantaxe, Tirso, un doutor británico; é por isto que para o proceso do certificado de defunción e o tema da morte de Helena preséntase Tirso para levalo. Sabina fala con ese home e pídelles que lle conte tódolos detalles do seu nacemento xa que ela alberga certas dúbidas. O home está suando de tal nerviosismo que lle entrou, pero accede. A chantaxe que un día lle fixo a nai agora faillo a filla pero para que así lle desvele aquela gran mentira. Sabina dálle unha boa cantidade de diñeiro para que lle encontre á súa familia biolóxica. Agora xa non ten pena da morte de Helena.

Pasaron dous días e ela, impaciente, segue esperando as noticias de Tirso e soña encontrarse cos seus verdadeiros pais, aos que lles fixeron crer que a súa filla faleceu ao nacer e cuxo ataúde atópase máis limpo e intacto que a vaixela de prata do pazo. Aínda así, ela adora a Fabio e quéreo con loucura.

Marco non rematou, a súa vinganza continúa.

Á misa do funeral de Helena acode un gran número de persoas, entre os que destacan a súa irmá Cornelia e o marido desta, Décimo. Cornelia sabe como morreu a súa irmá e busca un culpábel, unha cabeza decapitada en bandexa. Décimo mantense ao marxe por desexo da súa muller. Ao finalizar o funeral ela acode ao pazo para matar a Fabio. Cre que el está detrás do asasinato da súa irmá xa que Helena lle contara todo o sucedido con aquela antiga serventa e casualmente a súa irmá morreu da mesma maneira e o único da casa que sobreviviu é Fabio. Non vai ir xunto ós gardas reais a que o arresten, vaise tomar a xustiza pola súa man.

Marco escoitou a conversa de Cornelia con Décimo na que lle contaba os seus plans para desfacerse de Fabio. Agora ela camiña polo labirinto de sebes que hai en Vila Medici, por detrás aparece Marco cun puñal, ela sente pasos e revólvese cara atrás, o puñal atravesava devagar e dolorosamente o ventre de Cornelia. Aí está ela, esborroada no chan, rodeada de sebes nun labirinto do que nunca atopou a saída, co seu vestido cheo de sangue e unha ferida que non cesa de sangrar, ten os ollos abertos con toda a súa forza e unha man erguida clamando ao ceo, a vida dispouse dese corpo.

Décimo acude a matar a Fabio, algo que non puido levar a cabo a súa defunta muller, do que ademais cre que está detrás deste recente asasinato que tanto lle doeu. Fabio está no salón tomando unha copa de un spritz veneciano, cando ve abalanzarse sobre el a Décimo que está acendido coma unha furia e que o colle polos brazos, o acerca ao lume da cheminea co evidente propósito que se ve paralizado grazas á afortunada intervención de Sabina que co ferro do lume o mata cun par de golpes secos e cae ao chan inconsciente. Fabio apresúrase en votar o corpo inconsciente ao lume para que cando esperte non lles ataque nin supoña un perigo para eles e así inconsciente non sufrirá a dor das chamas que o consumirán a cinzas. Pai e filla abrázanse, Sabina cóntalle o dos seus pais biolóxicos pero dille que el demostrou ser un gran pai, que o quere con loucura e que seguirá con el aínda coñecendo nun futuro próximo a esa nova familia.

A verdade sae á luz, Marco reúnese con Fabio e Sabina e cóntalles a súa vinganza que xa levou a cabo, cóntalles que el é fillo daquela serventa, cóntalles que utilizou a Sabina para obter información pero que desgraciadamente ou afortunadamente namorouse ata as trancas dela, unha muller de carisma excepcional. Durante o seu período na casa chamouse Octavio pero el é ese rapaz que con tan so dez anos perdeu a súa nai, el é Marco. Eles tamén lle contan o que fixeron. Incluso Fabio desvela por primeira vez que Quinto foi envelenado pola súa nai xa que estaba celosa de que lle deixara so un terzo da herdanza a ela e por máis que esta intentou que el modificara o testamento, non o conseguiu, por iso e seguramente pola loucura que albergara nos últimos anos, acabou coa súa vida. Marco di que se vai, abandona ese ambiente bañado de sangue e de vinganza, quere marcharse de Roma e ir a unha casíña preto do mar, onde poder vivir en paz e tranquilamente, co ir e vir das ondas ata que o salitre deteriore o seu mirar sobre o mar. Sabina rógalle que non se vaia, que o quere e lle perdoo xa que, ao fin e ao cabo, matou a persoas malvadas e que, se decide marcharse, irá con el.

Fabio agora séntase cada noite nunha hamaca no xardín, cerca dunha fonte de auga pura que tanto lle gustaba a Lucila, pensa en canto tardarán en volverse encontrar os dous e deséxalles o mellor a Sabina e Marco, que teñan a historia de amor que non lles deixaron ter a el e a Lucila.

TRANSCORRERON DEZ ANOS

Sabina coñeceu á súa familia biolóxica coa que mantén unha relación estupenda. Ela e Marco han atoparon a felicidade tal e como



Fabio desexou tantas veces. Ela está embarazada e pronto dará a luz.

Fabio faleceu de morte natural. A vista do xardín de Vila Medici permanece tapada cun montón de listóns de madeira, o pazo está en venta. Haberá que esperar algún tempo para volver ver esa vista cara os xardíns, a auga pura brotar como mananciais e a uns raparigos correr polo labirinto de sebes de Vila Medici.

Yelco García Armada

Poesía Nivel III

Correde lobos
nada queda atrás
recuperade a negra noite
lonxe das luces da cidade
brillantes tebras que afogan o luar

Fuxide do gris
da ruidosa soidade
non viviredes finados
non morreredes en formol

Percorrede o duro camiño
marcando as pegadas xa borradas
doe pisar a terra ácida
o aire envelenado enche os pulmóns
frear nunca será unha opción

Esqueléticos cans danvos caza
non darán coa presa
na persecución pesan demasiado as cadeas
nunca se igualará con maquinaria oxidada
o latido dun corazón que non cede

Correde lobos
todo espera diante
o mundo primixeneo
non hai lobos, nin corvos, nin vermes
todos sodes todo.
Todo recuncho é un fogar
fogar do silencioso exército verde escuro
sempre na batalla

Lonxe de avanzar
toca resistir
o ritmo do bater das pólas é a chamada
acudide pois á batalla
antes de que o árido avance

Contra o vento seco
que ven de cara
que queima a patria
se as sementes non avanzan co fronte aberto
só nas vosas costas chegarán ao deserto

Toca que o verde avance
toca que a lúa volva
extirpade do voso mundo a tristeza
percorrede o caótico camiño
no final está a liberdade.

Adrián Fernández Garrido



Poesía Nivel I

O outro día, sentada na casa,
comendo queixo de Arzúa
pechei os ollos e pensei,
por que non saír á rúa?

E iso fixen, saín
e fixeime,
nun home do que oín
e fixeime

Nunha nena estraña
e fixeime,
estaba a quitar unha legaña
e fixeime

Nun executivo
e fixeime,
tiña un xesto altivo
e fixeime

Nun mozo que bailaba
e fixeime,
canto saltaba!
e fixeime

Nunha muller cun enorme sorriso
e fixeime
pero fixénlle caso omiso
e fixeime...

E ao chegar a casa pensei
que aínda que hai crise
tamén hai xente feliz.
Por iso, cada día,
deberíamos saír á rúa
e fixarnos en todas esas persoas.

Emma Nóvoa Alonso

Esquecinme
esquecinme do mundo enteiro
Esquecinme
só porque quero.

Esquecinme
porque é un mundo con enfermidades.
Esquecinme
unha atmosfera con cavidades.

Esquecinme
porque hai moi mala xente.
Esquecinme
estábase a nublar a miña mente.

Esquecinme
porque non quero tanta destrución.
Esquecinme
de tan mal empregada acción.

Esquecinme
porque non me gustan os berros desolados.
Esquecinme
de todos os enfados.

Esquecinme
porque me sentía mal pensando neste lugar.
Esquecinme
coa vida non se pode xogar.

Esquecinme
porque non quero nin velo.
Esquecinme...

E xa que non o podo remediar prefiro imaxinar
Un mundo mellor.

Emma Nóvoa Alonso

